



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Area Carracedo, Iván
Cabeza Pereiro, M^a Carmen
Cidrás Pidre, José
Gago Rodríguez, Alberto
Gálvez Gálvez, Juan Francisco
García Mateo, M^a Del Carmen
García Pino, Antonio
González Pillado, Esther M^a
Hernández Sánchez, Jesús
Membiola Iglesia, Pedro
Montero Muñoz, María
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel

DECANOS/DIRECTORES:

Cid Fernández, Xose Manuel
Garrido Valenzuela, Irene
González Piñeiro, Luis
Mejuto Fernández, Juan Carlos
Muñoz López, Luis
Ortiz Torres, Luis
Pereira Domínguez, Alejandro
Pérez Losada, Fermín E.
Pousada Carballo, José María
Sueiro Justel, Joaquín
Vidal Vázquez, Ricardo

PDI-A:

Blanco Pesqueira, Antonia
Domínguez Martín, Jorge
Garriga Domínguez, Ana
González Vázquez, Encarnación
Legido Soto, José Luis
Ramos Cabrer, Manuel
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier

PDI-B:

Diéguez Castrillón, M^a Isabel
Martínez Ínsua, Ana Elina
Rodeiro Iglesias, Javier

ESTUDANTES:

Campos Casal, Jacobo
Fariñas Valiña, Iago
Lago Teijeiro, Xan

PAS:

Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL:

Molares Pérez, Lucía

DESCULPAN ASISTENCIA:

Bernal Gómez, Rosa
Pena Rodríguez, Alberto
Vivas Martínez, Carlos

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 18 de decembro de dous mil sete, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría

O martes, día 18 de decembro de 2007, ás 10:10 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 20 de novembro de 2007.
2. Informe do reitor.
3. Informe previsto no artigo 76 dos Estatutos da Universidade de Vigo sobre o nomeamento da nova xerenta.
4. Aprobación, se procede, de comisión de servizos.
5. Aprobación, se procede, de prazas a prover mediante concursos de acceso entre acreditados e habilitados.
6. Aprobación, se procede, da proposta de plan de desgravacións docentes no POD do curso 08/09.
7. Aprobación, se procede, do programa especial de promoción do PDI 2007.
8. Aprobación, se procede, da convocatoria de concesión de anos sabáticos do curso 2008/09.
9. Aprobación, se procede, da proposta de modificación do artigo 5 da normativa de elección de decanos/directores de centro.
10. Aprobación, se procede, da proposta de modificación do procedemento de avaliación de solicitudes de quinquenios.
11. Aprobación, se procede, do plan SUMA.
12. Aprobación, se procede, de importes e aplicacións para a incorporación de remanentes de libre disposición.
13. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento da Universidade de Vigo para 2008.
14. Autorización ao reitor, se procede, para a resolución da cesión e a reversión á Universidade de Vigo do Teatro Universitario.
15. Aprobación, se procede, dunha declaración de apoio institucional á candidatura de Vigo para a Universiada 2013.
16. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio específico de colaboración coa Universidade de Guadalajara (México) – Convenio específico de colaboración coa Fundación Universitaria San Martín Sede Barranquilla (Colombia) – Convenio específico

coa Universidade Nacional de General Sarmiento (Arxentina) – Convenio específico de colaboración coa Universidade de Colima (México) - Convenio específico de colaboración coa Universidade de Anáhuac de Xalapa (México) - Convenio específico de colaboración coa Universidade de Eafit (Colombia) - Convenio específico de colaboración coa Universidade Federal Santa Catarina (Brasil) – Convenio de colaboración coa Universidade do Minho (Portugal) para a aprobación do Plan de Estudos de Posgrao Interuniversitario: “Políticas Comunitarias e Cooperación Territorial” - Convenio de colaboración coa Consellería de Cultura e Deporte, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para a realización do programa de investigación histórica sobre a represión na Galiza: “As vítimas, os nomes, as voces e os lugares (2ª fase) - Convenio de colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Real Academia Galega, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para a constitución do Consorcio de Terminoloxía Galega “Termigal” - Convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia, para o desenvolvemento do nodo CESGA incluído no proxecto Mathematica - Convenio de colaboración coa Consellería de Cultura e Deporte, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña, para o apoio ao deporte universitario - Convenio de colaboración coa Xunta de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para a implantación do título de doutor/a no posgrao oficial en dirección e planificación de turismo - Convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e o Consello Superior de Investigacións Científicas, para o desenvolvemento do proxecto “Unidades de Investigación Intensiva”.

17. Rogos e preguntas.

Punto 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 20 de novembro de 2007.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do reitor.

Toma a palabra o reitor para informar de diversas novidades de interese acontecidas desde o Consello de Goberno celebrado o pasado 20-11-2007.

En primeiro lugar, estase a completar a ritmo acelerado o marco xurídico que regula o proceso de adaptación ao EEES nas universidades españolas. Aprobado o Real Decreto de Grao e Posgrao por parte do MEC e aprobadas as “Liñas xerais para a implantación de novos plans de estudio” por parte do Consello Universitario de Galicia, a Universidade de Vigo ven de someter a consultas da comunidade universitaria o “*Borrador de directrices propias sobre estrutura e organización académica dos plans de estudio de grao*”. Este borrador foi enviado aos centros para a súa distribución, coñecemento e, no seu caso, emenda, e foi incorporado á páxina web da vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea.

Informadas e, no seu caso, aprobadas estas directrices nun Consello de Goberno que se celebrará a finais do vindeiro mes de xaneiro de 2008, o conxunto normativo estará listo para que se poda comezar o traballo de reforma de plans de estudo nos centros.

Non obstante, para o correcto funcionamento do proceso falta unha norma adicional que a Xunta de Galicia anunciou para o vindeiro mes de xaneiro. Trátase dunha resolución da Consellería de Educación que definirá para todo o SUG o valor do crédito ECTS, e, polo tanto, a súa repercusión nas plantillas. A Xunta anunciou que está a traballar sobre tres formatos de materias, con niveis distintos de carga docente en grupo reducido.

Publicada esta resolución no mes de xaneiro, estará completo o deseño normativo que nos permitirá iniciar a implantación dos novos títulos e a reforma dos plans a partir de febreiro de 2008.

En segundo lugar, informa dos contidos dunha nova xuntanza do Consejo de Universidades, celebrada o pasado 27 de novembro.

Tamén a un ritmo acelerado, o Consejo segue o seu traballo legislativo e de clarificación. Concretamente, na citada xuntanza aportáronse os seguintes documentos:

a) Proxecto de Real Decreto que regula o Rexistro de Universidades, Centros e Títulos.

b) Informe sobre os requisitos para a verificación de títulos que habilitan para o exercicio de profesións reguladas (afectando ás profesións de Arquitecto, Arquitecto Técnico, Mestre en Educación Infantil, Mestre en Educación Primaria, Médico, Veterinario e Profesor de Secundaria, queda pendente para outro Consejo, entre outros informes, os correspondentes ás Enxeñarías). Estes proxectos e informes están colgados na páxina web da vicerreitoría de Titulacións da Universidade de Vigo desde finais do mes de novembro.

c) Tamén se presentou nesta sesión o informe sobre os protocolos de verificación de títulos oficiais (colgado na web da ANECA).

d) E, por último, se propuxo a selección de membros das comisións de acreditación nacional, que ven de ser publicada no BOE do pasado día 14.

En terceiro lugar, mostra a súa satisfacción pola recente declaración da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, no sentido de iniciar a reforma do actual Plan de Financiamento das Universidades do SUG. A Consellería propón iniciar os traballos de reforma en xaneiro de 2008, no marco dunha Comisión integrada polas 3 Universidades e as Consellerías de Economía e de Educación. Os traballos deberán estar finalizados no mes de xuño, de maneira que o novo plan poida ter repercusión orzamentaria no exercicio 2009, cunha vixencia prevista que se estenderá ata 2013.

Aínda sen coñecer os contidos, é motivo de satisfacción tamén que a Consellería explicitamente sinala o proceso de adaptación ao EEES como un dos capítulos principais de financiamento adicional para incorporar ao sistema.

En cuarto lugar, comunica aos membros do Consello de Goberno que se procede a retirar o punto 10º da orde do día. Existen dúbidas xurídicas razoables de que, aberto o período de solicitudes de quinquenios para este exercicio, débese proceder a modificacións sobre a normativa

vixente. Quere-se estudar o tema con calma, pedir informe á asesoría xurídica e despois regresarase con este tema ao Consello de Goberno.

E, por último, sendo este o último Consello de Goberno da súa etapa xerencial, agradece moi sinceramente ao actual xerente, Don Antón Vidal Andión, e aos vicexerentes que integraron o seu equipo, Don Jesús Graña e Don José González Groba, o seu compromiso e a súa axuda en favor da Institución en momentos delicados. O seu paso ao fronte foi sempre enunciado de xeito provisional, pero o deron cando facía falta, e con calma e sentido común foron normalizando a vida laboral e xerencial da institución.

Como de inmediato explicará no punto seguinte, a partir do mes de xaneiro comeza unha nova etapa. Pero antes de que isto ocorra considera que é de xustiza, sobre todo pola súa parte, mostrarlle a estas persoas o seu máis sincero agradecemento.

Ábrese unha quenda de intervención, na que solicita a palabra o Prof. Legido para preguntar, en relación á adaptación ao Espazo Europeo, cómo está a Universidade e que titulacións está previsto que comecen o curso 2008/09 e como se está traballando. O reitor resposta que se visitou a todos os centros que estaban en disposición de empezar o procedemento para a aprobación do plan de estudos para poder implantalo; as titulacións que están iniciando este procedemento son: Belas Artes no campus de Pontevedra e Enxeñaría de Minas e Ciencias do Mar en Vigo. Tradución e Interpretación está aínda debatendo sobre esta opción de ir nesta primeira etapa.

Punto 3. Informe previsto no artigo 76 dos Estatutos da Universidade de Vigo sobre o nomeamento da nova xerenta.

De acordo co establecido no art. 76 dos Estatutos da Universidade de Vigo, informa o reitor ao Consello de Goberno que vai propoñer ao Consello Social da Universidade de Vigo a contratación como xerenta de Dona Ana Fernández Pulpeiro. O seu curriculum formou parte da documentación dispoñible polos membros deste Consello e, polo tanto, escusa referirse a el.

Se esta proposta é aprobada polo Consello Social, a nova xerenta dirixirá un equipo xerencial integrado por 5 vicexerencias, cos seguintes contidos funcionais :

- Vicexerencia de Planificación e Xestión Económica.
- Vicexerencia de Xestión Tecnolóxica.
- Vicexerencia de Recursos Humanos.
- Vicexerencia do Campus de Pontevedra e de Xestión Académica.
- Vicexerencia do Campus de Ourense.

Neste equipo terán continuidade as actuais vicexerentas dos campus de Ourense e Pontevedra, dona Beatriz Cuiña e dona Angeles Hermida.

A nova xerenta ten por diante compromisos de goberno e tarefas pendentes que atender con prioridade. Pero, ademais, terá fixados por este equipo reitoral os seguintes obxectivos preferentes:

- Plan estratéxico de xerencia, a presentar en 2008.
- Plan de descentralización administrativa e financeira efectivas.

- Plan de política de persoal e de formación.
- Plan específico de xestión académica.

A nova xerencia asinará os seus contratos o vindeiro 7 de xaneiro de 2008.

Intervén en primeiro lugar o Prof. Berrocal para preguntar sobre si xa se teñen os nomes dos vicexerentes, ao que o reitor contesta que non.

Intervén o Sr. Velasco quen en primeiro lugar agradece ao reitor a posibilidade de intervir. Seguidamente, a súa intervención se centra en destacar o inestabilidade da xerencia dentro da universidade, e o avance que supón que de unha xerencia individual se pase agora a un equipo xerencial o que suporá unha mellora na eficacia das súas actuacións. Destaca tamén que a inversión que se fai é potente e ambiciosa o que é positivo, o mesmo que a necesidade, exposta polo reitor, de que a xerenta presente no seu momento un plan estratéxico. Recorda que a nova xerenta terá que respetar os acordos acadados coa xunta de persoal, co comité intercentros e o que consta no convenio colectivo e que de todo este dependerá o éxito na súa xestión.

Seguidamente centra xa a súa intervención nos temas do persoal laboral, en concreto sinala que está pendente de remate un estudio de postos para a homoxeneización; outra cuestión é aplicar o convenio colectivo ao persoal que non ten convenio propio; é necesario tamén negociar a RPT para incluír todos os postos de carácter estrutural, por exemplo, a OFOE, a OMA, ou o gabinete psicopedagóxico; tamén é necesario que a Universidade faga unha aposta para reducir a eventualidade para que non supere o 8%; por último, outro compromiso é o da promoción, que evite a contratación temporal.

Remata a súa intervención sinalando que en nome de CCOO desexa éxito e ofrece apoio á nova xerenta e agradece ao actual xerente, o Sr. Vidal, a súa xestión durante estes meses.

Intervén seguidamente o Sr. Cebro, que despois de agradecer o turno de palabra, en nome da Xunta de Persoal agradece ao actual xerente o seu ton de diálogo e a súa disposición para chegar a acordos, neste senso, recorda que os acordos que se acadaron foron cumpridos. No que se refire ao novo equipo xerencial, recorda que aínda non están cubertas no grupo B as prazas de xerencia o que é esencial para a profesionalización da xerencia. Seguidamente, pasa a referirse ás cuestións mais importantes do PAS funcionario: en primeiro lugar, pregunta cales van ser as funcións que se van encomendar aos vicexerentes dos campus de Ourense e Pontevedra e que non choquen coas funcións do xerente da Universidade, previstas na LOU e nos Estatutos da Universidade. Tamén recorda que existe o figura do administrador de campus con competencias económicas e académicas.

Refírese tamén á necesidade de adaptar os recursos humanos ás novas necesidades, en concreto, ao Espazo Europeo de Educación Superior, que fai necesario facer unha reestruturación e reorganización. Destaca a importancia de sacar adiante o concurso de méritos e do esforzo do sindicato maioritario na Xunta de Persoal para poñelo en marcha aínda que chocou co rexeitamento do persoal. Pedirá unha reunión co equipo xerencial para falar deste tema. Tamén alude á necesaria consolidación do emprego porque a Universidade de Vigo conta con unha porcentaxe de contratación moi elevada. Sinala que está pendente a promoción interna dos anos 2007 e do 2008. Amosa a súa preocupación pola decisión que vai adoptar o equipo de goberno sobre a execución da sentenza que anula a RPT. Fai referencia tamén ao PAS laboral porque as decisións que se adoptan

afectan a todo o PAS e é necesario ver como se pode aplicar de modo axeitado ese estudo de homoxeneización e ter en conta todo o persoal tanto funcionario como laboral. Neste sentido fai un chamamento a que a homologación se faga amodo. Por último, solicita una reunión do equipo xerencial e o reitor coa xunta de persoal e sinala que a xestión académica non se arranxa cun vicexerente, e destaca os problemas en terceiro ciclo, títulos e investigación. Remata a súa intervención dicindo que está a disposición do equipo de xerencia para que conxuntamente se avance para arranxar os problemas.

O reitor sinala que efectivamente hai moito traballo por diante e haberá moitas reunións coa xerente, quen debe afrontar todos os problemas existentes e considera que non é o momento de entrar con detalle en todas as cuestións pendentes pero si quere dar a súa opinión fronte a algunhas cuestións que lle afectan mais directamente. Considera que efectivamente a xerencia é ambiciosa pero non en número de persoas senón en obxectivos, porque esta institución ten dobrado o seu volume de xestión e recursos en pouco tempo. Tamén se refire o reitor á descentralización, confirmando que o obxectivo que se persegue é acadar a maior descentralización que se poida dentro da seguridade xurídica e que se fará con calma e con todas as garantías.

Punto 4. Aprobación, se procede, de comisión de servizos.

Intervén o vicerreitor de Organización Académica e Profesorado para sinalar que se recibiu solicitude por parte do Servizo Vasco de Saúde de autorización da prórroga da comisión de servizos do profesor Juan Carlos Rueda Chimeno.

Cóntase cos informes favorables do Departamento de Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde e da COAP reunida o pasado 12 de decembro de 2007.

Apróbase por asentimento.

Punto 5. Aprobación, se procede, de prazas a prover mediante concursos de acceso entre acreditados e habilitados.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, quen expón que se solicitou polo Departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio unha praza de Catedrático de Universidade na área de Estratigrafía para ser provista mediante concurso de acceso entre habilitados. A COAP, reunida no pasado 12 de xaneiro informa favorablemente dita solicitude. O Profesor Titular de Universidade D. Daniel Rey García acadou habilitación para o Corpo e área correspondentes.

Apróbase por asentimento.

Doutra parte, se solicitaron polo Departamento de Estatística e Investigación Operativa dúas prazas, unha de Catedrático de Universidade e outra de Profesor Titular de Universidade na área de Estatística e Investigación Operativa para ser provistas mediante concurso de acceso entre acreditados. O Profesor Titular de Universidade D. Gustavo Bergantiños Cid e o Profesor Contratado Doutor D. Juan José Vidal Puga acadaron habilitación nacional para os corpos de

Catedráticos de Universidade e de Profesores Titulares de Universidade respectivamente, en ambos casos na área de Fundamentos de Análise Económico.

O Departamento fai esta petición como o exercicio dun dereito individual á promoción por parte dos citados profesores tendo en conta que a Universidade ven facilitando a saída a concurso destas prazas.

Ante as dúbidas suscitadas acerca de cómo proceder con estas decisións no marco do novo sistema de acreditacións, e de cal debe ser a normativa de concurso aplicable, a COAP decidiu trasladar a decisión ao Consello de Goberno.

En concreto, a COAP preferiu solicitar opinión deste órgano en dous aspectos:

1. Se é procedente convocar un concurso de acceso entre acreditados coa normativa que regula os concursos de acceso entre habilitados, mentres non se aprobe unha normativa específica. En caso afirmativo debe tamén decidirse acerca dos requisitos dos membros das comisións.
2. Se é procedente facilitar aos habilitados a posibilidade de acceso a unha praza dos corpos docentes mediante concurso de acceso entre acreditados nunha área diferente á aquela en que o profesor acadou habilitación.

Intervén o Prof. Muñoz para sinalar que outra das cuestións que quedan sen resolver é se os acreditados, do mesmo xeito que os habilitados tamén teñen dereito a que a Universidade lles convoque unha praza.

O reitor resposta que debe quedar claro que as habilitacións están morrendo e para o novo sistema se quere aprobar un documento de profesorado que regule as acreditacións. Se trata, por tanto, dunha nova situación e agora estamos falando aínda de habilitacións.

Intervén novamente o Prof. Muñoz para sinalar que se trata de dous profesores que se habilitan nun área distinta daquela na que se solicita agora a praza e que renuncian a que se lles consideren habilitados e que se lles consideren acreditados, o que pode crear un precedente. Conclúe o Prof. Muñoz que habería que esperar que teñamos normas que regulen a acreditación.

Debátese sobre o tema entre o reitor e o Prof. Muñoz.

O Prof. Vidal intervén para sinalar que as áreas tenden a difuminarse e estamos nun momento de transición. Considera que, obtido o mérito polo profesor implicado, o Consello de Goberno non debería poñer atrancos para sacarlle a praza.

A Prof^a. González Vázquez manifesta que debería sacarse a praza porque non existen problemas.

A Prof^a. Diéguez sinala que se se vai aprobar unha normativa reguladora do concurso de acceso entre acreditados, debería facerse de forma moi similar á xa existente para os habilitados.

O reitor expón que neste momento non pode asegurar como será esa normativa pero recorda que neste caso estamos falando de habilitados.

O Prof. Sueiro interven para manifestar que efectivamente a LOU considera a todo habilitado como acreditado e isto non está vinculado a área senón ao corpo e a Universidade sacará a praza onde lle pareza mais axeitado, pero considera que o problema será entender que todos os acreditados terán dereito a unha praza.

Debátese sobre o tema entre o reitor e o Prof. Sueiro.

Intervén o Prof. Vidal para sinalar que esta situación non se considere un precedente.

O Prof. Mejuto manifesta que se pode abrir a porta a que un profesor se poda habilitar ou acreditar nunha área cando na súa non ten opcións.

O reitor reitera que esta discusión se refire exclusivamente a habilitados e non para acreditados posto que en relación a estes haberá que tomar unha decisión no seu momento.

O Prof. Domínguez pregunta qué significa que a área non quixo sacarlle a praza, tendo en conta que as áreas van desaparecer. O reitor resposta que o Consello de Goberno non pode saltarse ao departamento. Neste suposto, o candidato se habilita na área de fundamentos, solicita nese departamento a saía a concurso da praza, e o consello dese departamento a rexeita. Ante esa situación, o candidato busca unha saída no seu propio departamento e traslada a petición ao Consello de Goberno.

O Prof. Mejuto pregunta se o Departamento de Estadística aprobou a saída a concurso da praza por unanimidade e si hai informe de asesoría xurídica sobre o tema.

O vicerreitor resposta que se considerou mais axeitado coñecer a opinión de Consello de Goberno antes que levalo á asesoría xurídica, pero si se falou co servizo de persoal docente e investigador.

O reitor propón que se condicione a decisión de Consello de Goberno a que exista informe favorable de asesoría xurídica, polo tanto, aprobaríase a saída a concurso das dúas prazas na área de estatística para garantir así o dereito de promoción dos dous profesores habilitados, pero condicionado a ter informe favorable de asesoría xurídica.

Punto 6. Aprobación, se procede, da proposta de plan de desgravacións docentes no POD do curso 08/09.

Intervén o vicerreitor de Organización e Profesorado para expoñer o contido básico do plan de desgravacións docentes no POD do curso 2008/09. Trátase de dar continuidade ao plan que xa fora aprobado e aplicado para o POD 2007/08 reforzando algunhas liñas que quedaran aprazadas entón por razóns orzamentarias.

As novidades son as seguintes:

1.- Desgravacións por actividades docentes: no marco do apoio ao EEES, á desgravación aos plans piloto engádese agora unha desgravación aos equipos directivos dos centros como apoio para a elaboración dos novos planos de estudo de grao. A desgravación proposta é de 6 créditos para cada centro pola primeira titulación e 1,5 créditos mais por cada titulación de grao adicional.

No apartado de actividades de intercambio de estudantes a idea é repetir a desgravación pero computando agora a media dos alumnos que veñen e os que van. Unha maneira máis sinxela de facer isto é a que se propón: sumar ambos e computar a metade de créditos.

Os proxectos fin de carreira computan do mesmo xeito que en anos precedentes, pero esténdese o tope de 3 a 6 créditos coa idea de compensar o esforzo docente nunha actividade non recoñecida no POD doutra maneira, pero que é obrigatoria para o alumnado.

2.- Desgravacións por investigación:

A recente firma dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades do Sistema Universitario de Galicia para o recoñecemento da actividade investigadora nos planos de organización docente, permite afrontar novas liñas de desgravación que ten posibilidade de financiamento pola Consellería.

No apartado de grupos de referencia engádense os grupos financiados pola Consellería de Educación con 9 créditos e os financiados pola Dirección Xeral de I+D+i con 6 créditos. Nestes casos o apoio é a maiores da financiación económica.

No caso dos proxectos europeos a consolidar, engádese agora o programa CENIT e amplíase de 6 a 9 créditos se o grupo lidera ou coordina o proxecto na súa globalidade e non só un subproxecto.

Para aqueles profesores con vinculación permanente polos que a Universidade acade financiación para os seus contratos dentro do programa I3, a proposta é recoñecerlles 3 créditos de desgravación durante os tres anos de financiación acadada.

Como novidade salientable traemos hoxe a proposta de recoñecer un crédito de desgravación por cada sexenio avaliado positivamente no momento de elaboración do POD.

3.- Desgravacións por actividades directivas:

Repítense as do ano pasado engadindo un apoio aos xestores dos programas do MEC (6 créditos) e 9 créditos para o xestor do programa IMAN da Xunta de Galicia porque nestes casos o Ministerio ou a Xunta solicitaron algún tipo de apoio para facilitar a labor destes profesores que teñen que viaxar con frecuencia por períodos de varios días. O programa IMAN en concreto é unha nova iniciativa da Xunta para captación de investigadores “Senior” no ámbito internacional.

Ábrese unha quenda de intervencións.

O Sr. Fariñas, di que na documentación de desgravacións asignadas por actividades docentes no apartado d) correspondente a “Apoio ás actividades de intercambio de estudantes”, se prevé “unha desgravación de 0,5 créditos por cada modulo de 8 estudantes acollidos aos programas de

intercambio Erasmus ou SICUE/Séneca”... segundo isto, pregunta ¿se so e para estes estudantes, ou se inclúen tamén os estudantes estranxeiros de convenios bilaterais que ten firmados a Universidade de Vigo?.

Xa que os estudantes estranxeiros de convenios bilaterais, o único que os diferencia cos estudantes estranxeiros Erasmus ou SICUE/Séneca, e a súa universidade de orixe e o tipo de convenio de intercambio polo que chegan a nosa universidade, pero que, aos efectos de atencións e xestións por parte dos responsables de relacións internacionais dos distintos centros e facultades e o mesmo e deberían contar aos efectos de desgravación igual que os anteriores.

O vicerreitor resposta que o contido deste punto está formulado do mesmo xeito que o ano pasado en que inclúe só os alumnos de programas Erasmus e Sicúe. O vicerreitor de Relacións Institucionais confirma as verbas do vicerreitor de Organización e Profesorado e se compromete a estudar a posibilidade de que se inclúan tamén o alumnos de contrato bilateral para o ano que ven.

O Prof. Berrocal felicita ao vicerreitor pola incorporación de actividades investigadoras con desgravación, aínda que critica que novamente se teña feito este documento de costas aos departamentos. Reitera novamente a súa postura contraria ao sistema de desgravacións docentes e, polo tanto, adianta o seu voto e o do seu grupo ao documento, xa que considera que toda a actividade do profesorado debe estar regrada e constar en POD. Seguidamente, fai unha enumeración das actividades que terían que estar incorporadas ao documento: docencia de terceiro ciclo, con independencia do número de alumnos, dirección de traballos tutelados, dirección de títulos propios e os quinquenios, aínda que isto último pode ser mais discutible.

Intervén seguidamente o Porf. Legido para engadir que novamente mostra o rexeitamento da incorporación dos POPs no POD.

O Prof. Muñoz expón que gran parte das desgravacións que se inclúen en materia de investigación están financiadas pola Xunta e, ante isto, pregunta ata cando se van manter. Por outra banda, considera que as desgravacións por xestión non son axeitadas, así, se desgravan 6 créditos para a elaboración de plans de estudos, o ano que ven, cando os plans teñen que facerse este ano. Falando dos créditos que desgravan os departamentos, é comparando cos centros, esta última é inferior e é necesario redistribuír os créditos por xestión en favor dos centros.

O vicerreitor resposta ás cuestións suscitadas. En primeiro termino, manifesta que as desgravacións se debateron cos decanos dos tres campus. Sobre si deben chamarse ou non desgravacións, sinala que se segue cunha tradición universitaria e neste momento, ás portas dun novo marco lexislativo no ten sentido proceder a ningún cambio. En canto ás actividades tidas en conta aos efectos das desgravacións, foi necesario destacar aquelas que se consideran prioritarias posto que existe un límite no orzamento. No que respecta aos POPs se segue coa dinámica utilizada dende o principio que é esperar ata que alcancen unha situación de consolidación. Confirma que é a Xunta a que condiciona o plan de desgravacións que se presenta, que será para o POD do ano que ven e por mérito executado. Por último, en relación co papel dos departamentos, é plenamente consciente do gran traballo dos centros e de aí que se inclúan novas desgravacións.

Intervén novamente o Prof. Berrocal para sinalar que o feito de que se fale de exención de centros non quere dicir que no se deba falar cos departamentos, posto que as exencións afectan ás áreas e aos departamentos que son os que elaboran o POD. No relativo á docencia de terceiro ciclo, o criterio de que se vai extinguir non é un argumento pois os alumnos pagan a súa matrícula e ao

terse permitido a permanencia de programas de doutoramento con menos de sete alumnos pola Comisión de Estudos de Posgrao, isto supón que haberá moitos cursos con menos de tres alumnos.

O vicerreitor de Investigación manifesta a súa sorpresa ante as intervencións neste Consello posto que entende que o documento de desgravacións ten potencia e está reflectido no orzamento, e destaca dúas cuestións: dun lado, en materia de investigación, no recoñecemento da actividade investigadora no POD hai unha gran aposta pola universidade, posto que a Xunta non aporta cartos suficientes para todas as actividades. Trátase de actividades cofinanciadas. Doutro lado, en terceiro ciclo, a desgravación neste momento é de 2.036 créditos que non están a producir os efectos desexados que sería o aumento do número de DEAS e de teses de doutoramento. Deste xeito é necesario darlle unha volta ao recoñecemento do terceiro ciclo en POD para acadar o efecto desexado que o aumento de defensa de teses de doutoramento.

O Prof. Vidal, no relativo ao isto último pregunta por qué non se computan os DEAS en POD porque isto podería ser un incentivo para aumentar o número dos mesmos.

O reitor sinala que é necesario que nos movamos dentro do marco normativo actual e se están recoñecendo actividades que ata este momento non tiñan ningún recoñecemento. Se trata de incentivar algunhas actividades, non todas porque o orzamento o impide. Respecto ao doutoramento, se quere traer ante este órgano un documento sobre I+D, e o doutoramento ten que estar vencellado á calidade que implica capacidade formativa, isto é, teses lidas. Isto non quere dicir que todos os programas de doutoramento teñan que ter mención de calidade, senón que se trata de potenciar o agrupamento e reforzamento de ámbitos. Por outra parte, deixa claro que neste documento hai un esforzo económico importante, posto que a Xunta aporta 391.000 euros cando a cantidade total que figura no plan é de 1.300.000 euros.

Intervén novamente o Prof. Berrocal quen sinala que el mesmo iniciou a súa intervención alabando a incorporación das actividades de I+D no POD, pero no se trata de falar de esforzo económico senón de agravio entre profesores. Cando se fai o cálculo debe terse en conta a folgura e, polo tanto, debe facerse por ámbitos. Reitera que é un tema de fondo e que non se debe falar de desgravación docente.

Procédese á votación do plan de desgravacións, co seguinte resultado:

- Votos a favor da proposta de plan de desgravación: 22.
- Votos en contra do plan de desgravacións: 5
- Abstencións: 1.

Apróbase por maioría o plan de desgravación que se recolle no **anexo I**.

Altérase a orde do día, debido a un asunto familiar que fai necesario que a vicerreitora de Economía teña que saír o mais axiña posible. Polo tanto, serán debatidos e, no seu caso, aprobados, os puntos 12, 13 e 14 neste momento.

Punto 12. Aprobación, se procede, de importes e aplicacións para a incorporación de remanentes de libre disposición.

Cédese a palabra á vicerreitora de Economía quen expón os importes e aplicacións aprobados xa previamente pola Comisión Económica celebrada o 5 de decembro de 2007.

Programa 300S “Servizos de Xestión Centralizada ”

Artigo 13 e concepto 140 do Capítulo I 450.000€

Remanente aplicado ao programa 300S	450.000€
-------------------------------------	----------

Programa 300C “Servizos de Xestión Centralizada ”

0055 - 300C 228.02..... 77.960€

Remanente aplicado ao programa 300c	77.969€
-------------------------------------	---------

<u>Importe total aplicado</u>	<u>527.969€</u>
-------------------------------	-----------------

Apróbase por asentimento.

Punto 13. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento da Universidade de Vigo para 2008.

Cédese a palabra á Vicerreitora de Economía quen expón as liñas básicas do proxecto do orzamento da Universidade que consta no **anexo II**.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén primeiramente o Prof. Legido quen sinala que o incremento no Capítulo I é do 10% mentres que o incremento xeral do orzamento é do 14% o que pon de manifesto que se segue sendo moi cauto no relativo a persoal. Manifesta o seu desacordo coas cantidades previstas para infraestruturas posto que segue habendo problemas de aparcamento e de mobilidade e dubida que co previsto no orzamento se poida arranxar. A maiores hai unha grande diferenza de investimento entre campus. Critica tamén que se siga comprando parte de Cidade Universitaria e tampouco se entende a razón da ampliación de capital de Cidade Universitaria. No orzamento non se ve que a prioridade da Universidade sexa a docencia, a investigación e a xestión.

O Prof. Berrocal inicia a súa intervención sinalando que o gasto de 3 millóns de euros e a compra do teatro son luxos que no se corresponden coa realidade da Universidade de Vigo. A maiores, a ampliación de capital non vai resolver os problemas de Cidade Universitaria. O que ten que facer a Universidade é un esforzo en persoal, tanto PDI como PAS. Bota en falta o Prof. Berrocal cuestións puntuais coma a recuperación do espazo que deixa libre a biblioteca de Ciencias.

Agradece a exposición oral e escrita do orzamento e remata a súa intervención sinalando que non comparte os obxectivos que se intúen no orzamento e adianta o seu voto desfavorable ao mesmo.

O Prof. Rodeiro comeza manifestando o seu descoñecemento dos grandes plans que constan no orzamento e na liña xa iniciada na Comisión Económica, presenta unha serie de cuestións en primeiro lugar, no programa de gasto na 211L, relativo ao espazo europeo de educación superior, pregunta cal é o sumatorio total de gasto. A vicerreitora resposta que os créditos dese programa non recollen a totalidade de actuacións referidas ao espazo europeo de educación superior, senón que tamén hai créditos para este fin noutros programas de gasto. O motivo de facer así é facilitar a súa xestión e execución, seguindo as recomendacións dos servizos. Continúa o Prof. Rodeiro preguntando pola distribución de créditos 300C. Debátese sobre esta distribución de créditos entre o Prof. Rodeiro e as vicerreitoras de Economía e Titulacións e Convergencia Europea.

Seguidamente, o Sr. Rodeiro se refire a outras cuestións dos orzamentos: fai unha comparación entre os programas de gasto e considera que debería fomentarse a adaptación ao espazo europea de educación superior e entende limitada a partida dos proxecto piloto. Manifesta a súa preocupación pola integración dos servizos en concreto é positiva a creación de bases de datos de investigadores pero sempre que integre as existentes. Refírese tamén ao remanente en formación de PAS, alegando que se existe un plan de actuación ao respecto, isto supón que non se executa. En relación ás sociedades participadas pola Universidade, pregunta se non é necesario que presenten as contas. Ao que resposta a vicerreitora de Economía que non é preceptivo.

Conclúe sinalando que o orzamento está ben pero que as novas actuacións terían que estar recollidas nun anexo onde figure unha memoria das actuacións que levan unha dotación determinada que permita coñecer o desglose das cousas que se van facer.

O Sr. Cebro quen inicia a súa intervención lamentando que os orzamentos non se leven ao Claustro o que permitiría un amplo debate sobre o tema. Seguidamente fai unha puntualización sobre a ORI onde tamén hai intercambio de PAS. Bota en falta a diferenciación entre retribucións básicas e complementarias dos funcionarios, tanto PDI como PAS. Si en cambio aparece o desglose do persoal laboral fixo e do persoal docente contratado. Estes desgloses son importantes a efectos das negociacións sindicais para o 2008. Considera que sería necesaria unha reunión cos órganos de representación para achegar os datos dos orzamentos.

Manifesta o seu acordo co Prof. Legido en relación coa necesidade de investir en recursos humanos e pon como exemplo a biblioteca que está infradotada fronte ás outras universidades galegas. Tamén se refire á xestión dos POPs que neste momento se encomenda a contratados por seis meses, pero que no futuro suporá novos postos na RPT. No que respecta ao concepto de produtividade, considera necesario un plano de calidade do PAS. Pide ao equipo de goberno que se traballe na mellora dos servizos e anuncia que dende a Xunta de Persoal se fará unha proposta sobre absentismo. Na liña de calidade dos servizos, sinala que non queren que quede remanente na partida de formación do PAS. Recorda, no que respecta aos gastos sociais que no acordo da Xunta de Persoal aprobado polo Consello de Goberno se prevé unha suba dun 1,45 %. Felicita ao equipo de goberno pola planificación da gardería e pide que se siga organizado o campus camp e que se estableza un posto sanitario no campus de Vigo. Por último, no relativo á descentralización, sinala que se debe contar co persoal que traballa nos campus de Ourense e Pontevedra.

O Prof. Vidal, como director de Departamento, pregunta, cómo evoluciona en euros a partida dos departamentos do ano 2007 ao 2008, restándolle a este último ano o terceiro ciclo que non se incluía no anterior. A vicerreitora sinala que esta claro nos orzamentos, quitándolle os 400.000 € de terceiro ciclo.

O Sr. Fariñas, di que na táboa correspondente a distribución dos POPs da paxina 167 da memoria da documentación deste Consello de Goberno e a 105 da memoria económica, no referente ao Master en Dereito Urbanístico e do Medio Ambiente figura a cantidade de 52.000 € e que aínda que esta cantidade e correcta na teoría, na practica o presuposto deste posgrao e de 66.000 mil €, este débese a que algúns convenios de colaboración con institucións públicas e privadas que achegan financiamento a este posgrao, asináronse con posterioridade á redacción destes datos económicos, o que pon de manifesto, para que cando estas entidades ingresen as cantidades oportunas na caixa xeral da universidade, estas cantidades sexan transferidas sen problemas a este Master.

O Sr. Fariñas, explica que está de acordo con que o orzamento da Universidade se distribúa proporcionalmente entre os Campus e que se o Campus de Vigo é o máis grande da Universidade sexa o que dispoña de máis orzamento, pero observando as cifras e poñendo como exemplo as contías referentes o “Programa: Actividades Culturais e Solidariedade” na paxina 114 e 115 da memoria da documentación deste Consello de Goberno e as 52 e 53 da memoria económica, observa que o campus de Vigo ten case o triplo de orzamento que os demais Campus e que o Campus de Pontevedra sendo mais pequeno que o de Ourense, ten tamén máis orzamento que o de Ourense, e que entende que isto non e de ningún xeito unha distribución proporcional entre os tres Campus da Universidade de Vigo.

Finalmente, o Sr. Fariñas, pregunta en que partida económica das que aparecen reflectidas no “Programa: Actividades Culturais e Solidariedade”, citado anteriormente, se inclúe o gasto referente aos servizos que presta o gabinete psicopedagóxico da Universidade de Vigo aos alumnos.

A vicerreitora aclara que está na partida 22709. Ao que replica o Sr. Fariñas que no referente ao Campus de Ourense, non existe a partida correspondente a “Traballos realizados por outras empresas” onde din que se inclúe este servizo, si existe no Campus de Vigo e Pontevedra pero non no de Ourense, sen entender o porque. Sinala que deixa o resto de preguntas sobre este servizo para o punto de rogos e preguntas.

Rematada a quenda de intervencións a vicerreitora de Economía resposta ás cuestións suscitadas do seguinte xeito:

Refírese en primeiro lugar ao incremento no Capítulo I, sinalando que o do 10% supón un incremento sustancial, fronte ao do ano anterior que foi do 6%. Se se compara co incremento no Capítulo IV, aquí debe terse en conta que aquí se incorporan todas as achegas ás fundacións e aos bolseiros.

No que respecta aos problemas de mobilidade e aparcamento, precisamente o obxectivo das obras que se presupostan é por fin aos mesmos.

A adquisición do teatro é una decisión que se corresponde co uso practicamente exclusivo que ven facendo a Universidade de Vigo do mesmo. Total prezo: 1.300.000€ (inclúe o dereito de

construción na parte superior do edificio comercial). Se avanza ademais, na liña marcada pola sentenza sobre o caso Cidade Universitaria. No caso de que finalmente houbera que executar, a Universidade de Vigo estaría máis preparada dende o punto de vista económico. Trátase de dosificar o esforzo financeiro que suporía a posible liquidación da sociedade en dous ou tres anos. Sendo propietarios desta unidade construtiva, soamente quedaría sen adquirir a parte comercial e a piscina. En todo caso, aquí entraríamos en terreos moito máis complicados porque estaríamos a falar de contratos de arrendamento dos distintos locais. Creemos que é unha forma de incrementar o patrimonio da Universidade sen afectar a situación xurídica existente. Todo o contrario: supón anticiparse dun xeito pautado ante unha posible execución que implique a liquidación da sociedade.

Tamén se contempla nos orzamentos de 2008 dotación no capítulo VIII do concepto 850 cun importe de 1.710.000€ para atender a ampliación de capital da sociedade Cidade Universitaria, S.A.

Con respecto a esta ampliación de capital, de todos é sabido que CUSA ten un endebedamento de 5 millóns de euros o que podería ser moi lesivo para as contas da universidade no caso de ter que executar a sentenza sobre CUSA. Para reducir este endebedamento e, ao mesmo tempo, pautar as posibles obrigas as que podería ter que enfrontarse a institución vaise realizar esta ampliación o que vai supor unha redución de case 3,6 millóns deste endebedamento, quedando nunha contía de 1,4. Isto sería un importe moito mais doado de asumir pola institución no caso de levarse a cabo a execución da sentenza.

Constitúe pois, unha dobre estratexia para avanzar cara un mesmo obxectivo: aumentar a nosa propiedade sobre CUSA, reducir o endebedamento e aumentar a participación na sociedade para anticipar posibles compromisos de futuro.

En relación coa partida de formación do PAS, sinala a vicerreitora que as cantidades se presupostan de acordo co que solicita xerencia e non se fai para que quede remanente.

O vicerreitor de novas tecnoloxías sinala que está en marcha o estudo técnico do xesta.

Seguidamente intervén o vicerreitor de Planificación para explicar que o programa Tempos (Tele Master de Posgrao Oficiais) se presenta como unha axuda á virtualización e a xestión de master oficiais e a idea é facer unha convocatoria para os masters que queiran integrarse. No que respecta a outras cuestións de planificación, tratase de planificar tendo en conta unha proxección para o 2008.

Intervén novamente o Sr. Fariñas para expoñer que hai determinadas partidas que existen nos campus de Vigo e Pontevedra, pero non no de Ourense. Ao que resposta o vicerreitor do campus de Ourense que se trata de elaborar os orzamentos con responsabilidade e solidariedade e responder ás necesidades existentes. Neste sentido, recorda o vicerreitor que en Ourense teñen ingresos da Deputación de Ourense para actividades culturais. Neste punto se entra nun debate entre o vicerreitor e o Sr. Fariñas sobre os servizos que se prestan en Ourense pero non en Vigo e Pontevedra.

O Prof. Legido, en relación ao Capítulo I, sinala que si se pormenorizan as partidas non se sabe cal é o incremento real en materia de persoal.

O reitor fai dos comentarios en relación aos orzamentos: en primeiro lugar, refírese ao incremento non ingresos dun 14%, que, excluindo os ingresos competitivos, queda reducido a un 8%. No que respecta ao Capítulo I, o incremento é do 10 % e destaca que nesta Universidade existe o único programa propio de promoción da Comunidade Autónoma.

En segundo lugar, se refire a Cidade Universitaria e a existencia da sentenza do Tribunal Supremo que anula o acto de constitución da sociedade. A existencia desta sentenza obriga á universidade a actuar con responsabilidade, e neste sentido van as decisións que se adoptan posto que están na liña da execución da sentenza.

Rematadas as seguintes intervencións se procede á votación do orzamento:

- Votos a favor do proxecto do orzamento: 23.
- Votos en contra: 6.
- Abstencións: 1.

Apróbase por maioría.

Punto 14. Autorización ao reitor, se procede, para a resolución da cesión e a reversión á Universidade de Vigo do Teatro Universitario.

Cédese a palabra á vicerreitora de Economía quen sinala que o que se pide neste punto é que se lle conceda ao reitor a autorización para que inicie o expediente administrativo que permita esa adquisición patrimonial e que, en todo caso, será un proceso idéntico ao levado a cabo no seu día para a adquisición do edificio Miralles. O rescate de cesión dos terreos implicará indemnizar ao cesionario por importe de 1.300.000€. Neste caso correspóndese co investimento realizado a prezo de execución de obra.

Intervén o Prof. Legido quen sinala que a realidade é que dende o principio todo o que ven de Cidade Universitaria suporía un problema para a universidade. O Teatro só se disfruta no campus de Lagoas-Marcosende é haberá que pensarse si é viable ou non.

O reitor resposta que si se adoptou a decisión xa nos orzamentos sobre a adquisición agora do que se trata neste punto é de formalizar esta decisión.

Procédese a votación sobre a adquisición do Teatro Universitario:

- Votos a favor da adquisición: 20.
- Votos en contra da adquisición: 6.
- Abstencións: 1.

Apróbase por maioría.

Punto 7. Aprobación, se procede, do programa especial de promoción do PDI 2007.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen presenta a terceira edición do plan especial de promoción do PDI que é unha iniciativa xenuína desta

universidade que tras dous anos de rodaxe estase a converter nun aliciente para que os solicitantes en programas de investigación como Parga Pondal atopen un atractivo especial en acollerse a prazas ofertadas pola Universidade de Vigo, como se pode observar da resolución da última convocatoria.

Seguidamente, revisa as novidades mais salientables:

Convócanse 12 prazas en lugar de 10 co obxectivo de seguir aumentando ata acadar 15 prazas no horizonte de 2010. Como consecuencia deste aumento amplíase a 2 prazas o mínimo por ámbito e asígnase tamén un máximo de 5 por ámbito na procura dun equilibrio adecuado entre os diferentes ámbitos.

Os solicitantes poden ser:

- PDI a tempo completo non acollidos a outras vías de promoción cun ano de antigüidade.
- Profesores a tempo parcial cunha antigüidade de 3 anos continuados. Reláxase desta forma o requisito que se viña aplicando aos asociados coa idea de dar cabida a profesores doutores con boa formación que poderían dar o paso de incorporarse á universidade con dedicación exclusiva.

Preténdese tamén dinamizar o programa nos ámbitos onde as figuras dos programas de investigación non reúnen aínda masa crítica suficiente.

Prográmase un único plan de promoción para acreditados a Contratado Doutor ou a Profesor Titular de Universidade. A acreditación que posúa o candidato seleccionado no momento de solicitude da praza poderá determinar o carácter da mesma, que será preferentemente de Profesor Titular no caso en que o candidato posúa ambas acreditacións.

Fixéronse algúns cambios mais ben técnicos nos baremos dos cales vou mencionar aqueles de maior transcendencia.

O apartado experiencia profesional pasa de 15 a 5 puntos, aumentando a experiencia investigadora de 35 a 40 e a experiencia docente de 20 a 25. Neste apartado non era doado obter a máxima puntuación e preténdese reforzar en todo caso as actividades mais académicas.

Unifícase o xeito de computar a docencia usando os créditos. Como consecuencia do cambio normativo acerca dos requisitos de admisión amplíase o valor do crédito impartido de 0.2 a 0.3 cun límite de 20. A idea é procurar un maior equilibrio deste apartado tendo en conta as limitacións normativas de docencia que teñen algunhas das figuras que compiten neste programa.

O Prof. Berrocal felicita ao equipo de goberno por esta convocatoria e suxire que tamén deberían engadirse na convocatoria os bolseiros no programa Ánxeles Alvariño, que se equiparan aos de programas Parga Pondal.

Se debate sobre a inclusión deste bolseiros e tamén dos programas Marie Curie entre o Prof. Berrocal, o vicerreitor de Organización Académica e Profesorado e o reitor. Finalmente o

vice-reitor de Organización Académica e Profesorado sinala que se incluírán o ano que ven e anuncia que no próximo Consello de Goberno se presentará a comisión de selección deste plan.

Apróbase por asentimento o plan especial de promoción que se expón no **anexo III**.

Punto 8. Aprobación, se procede, da convocatoria de concesión de anos sabáticos do curso 2008/09.

Intervén o vice-reitor de Organización Académica e Profesorado quen expón que se trata dunha nova edición do programa de sabáticos que repite as condicións dos anos anteriores. Esíxese que os candidatos teñan unha antigüidade de polo menos 7 anos e non disfrutaran dun ano sabático nos últimos sete. Establécese un tope dunha licenza por área de coñecemento. Teranse en conta os sexenios primeiro e logo os quinquenios para a selección dos candidatos.

Apróbase por asentimento a convocatoria de anos sabáticos do curso 2008/09 que consta no **anexo IV**.

Punto 9. Aprobación, se procede, da proposta de modificación do artigo 5 da normativa de elección de decanos/directores de centro.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se trata dunha proposta de modificación que reduce o número de alumnos a ter en conta para determinar os membros que formarán parte do equipo directivo dun centro.

Ata agora o primeiro vicedecano ou subdirector se establecía cando o número de alumnos era de 1 a 500, e a partir desta cifra os sucesivos vicedecanos ou subdirectores se concedían con cada unidade de 1000 alumnos ata chegar ao cuarto vicedecano ou subdirector (no caso de máis de 2.500 alumnos).

Agora a proposta que se fai é que o primeiro vicedecano ou subdirector se estableza cando o número de alumnos sexa de 1 a 200, o segundo de 201 a 800, o terceiro, de 801 a 1800 e o cuarto máis de 1800.

Con esta reforma tratase de axustar a situación actual á realidade, onde o número de alumnos ten sufrido unha baixada en todos os centros e, deste xeito evitar os posibles prexuízos que se poidan producir.

Apróbase por asentimento, a modificación do art. 5 da normativa de elección de decanos/directores de centros, que quedaría do seguinte xeito:

O número de membros dos equipos directivos dos centros establecerase en función do número de estudantes como segue:

*de 1 a 200 estudantes 1 vicedecano ou subdirector
de 201 a 800 estudantes 2 vicedecanos ou subdirectores
de 801 a 1800 estudantes 3 vicedecanos ou subdirectores*

máis de 1800 estudantes 4 vicedecanos ou subdirectores

Cando un centro teña máis titulacións que membros do equipo, se incrementará o número de vicedecanos ou subdirectores de tal xeito que o número de membros do equipo directivo sexa igual ao número de titulacións. En ningún caso o equipo directivo terá máis de 6 membros.

Punto 10. Aprobación, se procede, da proposta de modificación do procedemento de avaliación de solicitudes de quinquenios.

Retirado da orde do día.

Punto 11. Aprobación, se procede, do plan SUMA.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Planificación quen expón as alegación que se fixeron polos distintos membros da comunidade universitaria una vez presentado este plan ao Consello de Goberno do 3 de outubro que non alteran o documento presentado. Ademais se relatan tres accións de interese para o plan:

- Adhesión da Universidade de Vigo a iniciativas de outras institucións (Campaña da Unión Europea, Plataforma Tecnolóxica Galega de Enerxía e Plataforma Tecnolóxica Galega de Medio Ambiente).
- Adhesións de empresas e institucións ao plan SUMA: Sogama, Inega, Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Grupo Santander e Consello Social da Universidade de Vigo.

O Prof. Legido inicia a súa intervención sinalando que se van abster na votación do plan SUMA. Alega o seu descoñecemento sobre si o que se vai facer compromete a viabilidade no futuro.

O vicerreitor de Planificación expón que se van a facer cambios concretos, sobre todo nos centros (cambio de luminarias, instalacións de renovables) e estudos de climatización e consumos enerxéticos nos edificios; para iso contase cunha achega económica do Grupo Santander co que se ten asinado un convenio e cun convenio coa Consellería de Desenvolvemento e Medio Ambiente, ademais dunha intervención solicitada ao INEGA.

O Prof. Legido continúa sinalando que o aforro enerxético é unha cuestión que afecta a toda a comunidade universitaria, e destaca a calefacción e o aire acondicionado. Considera que deben facerse actuacións puntuais e non ten claro que un plan deste tipo poda ter eficacia en sí mesmo.

O vicerreitor de Planificación expón algunhas actuacións puntuais como a recollida de computadores. Seguidamente entrase nun debate entre o Prof. Legido e o vicerreitor sobre o reparto concreto do presuposto.

Procedese á votación do plan SUMA:

- Votos a favor do plan SUMA: 19.
- Votos en contra: 0.

- Abstencións: 5.

Apróbase por maioría o plan SUMA recollido no **anexo V**.

Punto 15. Aprobación, se procede, dunha declaración de apoio institucional á candidatura de Vigo para a Universiada 2013.

Intervén o reitor para pedir ao Consello de Goberno un apoio institucional á candidatura de Vigo para a Universiada 2013.

Apróbase por unanimidade. A declaración de apoio recóllese no **anexo VI**.

Punto 16. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio específico de colaboración coa Universidade de Guadalajara (México) – Convenio específico de colaboración coa Fundación Universitaria San Martín Sede Barranquilla (Colombia) – Convenio específico coa Universidade Nacional de General Sarmiento (Arxentina) – Convenio específico de colaboración coa Universidade de Colima (México) - Convenio específico de colaboración coa Universidade de Anáhuac de Xalapa (México) - Convenio específico de colaboración coa Universidade de Eafit (Colombia) - Convenio específico de colaboración coa Universidade Federal Santa Catarina (Brasil) – Convenio de colaboración coa Universidade do Minho (Portugal) para a aprobación do Plan de Estudos de Posgrao Interuniversitario: “Políticas Comunitarias e Cooperación Territorial” - Convenio de colaboración coa Consellería de Cultura e Deporte, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para a realización do programa de investigación histórica sobre a represión na Galiza: “As vítimas, os nomes, as voces e os lugares (2ª fase) - Convenio de colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Real Academia Galega, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para a constitución do Consorcio de Terminoloxía Galega “Termigal” - Convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia, para o desenvolvemento do nodo CESGA incluído no proxecto Mathematica - Convenio de colaboración coa Consellería de Cultura e Deporte, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña, para o apoio ao deporte universitario - Convenio de colaboración coa Xunta de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para a implantación do título de doutor/a no posgrao oficial en dirección e planificación de turismo - Convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e o Consello Superior de Investigacións Científicas, para o desenvolvemento do proxecto “Unidades de Investigación Intensiva”

Apróbanse por asentimento.

Punto 17. Rogos e preguntas.

O Sr. Fariñas, pregunta o estado no que se encontra o servizo que se ofrece aos alumnos por parte do gabinete de asesoramento psicopedagóxico da Universidade.

Di que o gabinete psicopedagóxico empezou dando servizo na Universidade de Vigo e atendendo aos alumnos do campus de Ourense vía e-mail e por teléfono, e que despois dunha intervención súa neste Consello de Goberno, este servizo pasou a darse presencialmente tamén en Ourense, con respecto a isto, que se enterou fai pouco por unha alumna do campus de Ourense que recibe asesoramento psicopedagóxico, de que o servizo se ven impartindo en Ourense so cada 15 días, obrigando a esta alumna en algunha ocasión a desprazarse a Vigo no seu automóbil.

Di que non se esta prestando un servizo adecuado no que corresponde aos alumnos do campus de Ourense.

Que ten constancia de que o servizo en certo modo, se vai suspender este mes de decembro e que non volvera a estar dispoñible con todo o persoal ata o mes de febreiro.

Que debería ser un servizo continuado todo o ano e mais en épocas de exames ou en datas tan complicadas como son as do Nadal para os alumnos con problemas.

Que ten coñecemento de que non se da igual trato, ou un trato proporcional a todos os alumnos con respecto a este servizo, xa que se veñen de impartir no campus de Vigo varios cursos de técnicas de estudo, control de ansiedade, habilidades para falar en público e autoestima, que o curso de técnicas de estudo tamén se realizou no campus de Pontevedra, e que en Ourense non se realizou ningún tipo de curso de ningunha índole por parte do gabinete psicopedagóxico da universidade, o que é un agravio comparativo moi grande.

Que entende que no campus de Vigo hai moitos mais alumnos que demandan o servizos do gabinete psicopedagóxico que en Ourense que son moi poucos, pero que tamén é verdade que non se publicita correctamente, que a cartelería que publicita este servizo no campus de Ourense, fai sempre referencia ao servizo en Vigo e que así os alumnos creen que este servizo so é para os alumnos de Vigo. Que se, se publicitara en igualdade de condicións está seguro que en Ourense habería unha demanda moito maior, e que os cursos entende que son todos moi interesantes para os alumnos, pero que en Ourense non se deu ningún tipo de oportunidade.

A vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes sinala que o obxectivo principal da súa vicerreitoría é que se preste un servizo igualitario aos alumnos con independencia do campus no que estean matriculados. Neste sentido, o vicerreitor do campus de Ourense propuxo dispoñer dunha cantidade para poñer en marcha un servizo individualizado en Ourense, pero é necesario coñecer con carácter previo si hai demanda efectiva.

O Sr. Fariñas, pregunta tamén que vai pasar cas oficinas de voluntariado, que ten oído que van pechar en xaneiro, e que vai pasar cos servizos que viñan ofrecendo estas oficinas.

A vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes resposta que estamos nunha etapa de transición porque ata este momento as oficinas de voluntariado estaban dotadas pola Xunta, aínda que a universidade tamén se facía cargo en parte. Agora a Xunta xa non dota estas oficinas e a universidade ten que acollelas, pero ten que facelo con responsabilidade e tendo en conta as necesidades e demandas reais. Reitera que estamos en etapa de transición pero se vai seguir dando o servizo.

O Sr. Fariñas, roga o Sr. reitor, que todas as competencias referentes a temas de alumnado se transfiran ao campus de Ourense e se cree alí unha comisión de extensión cultural e estudantes, para que todos estes temas se poidan xestionar directamente dende Ourense, xa que entende que hai moitos servizos que dende Vigo no se poden dar nin se dan axeitadamente aos alumnos do campus de Ourense, e que cunha xestión neste sentido mais cerca dende o propio campus de Ourense se mellorarán os servizos que se prestan aos alumnos.

O reitor resposta que a idea de descentralizar esixe que a mesma se desenvolva con plena seguridade xurídica e dando pasos seguros.

O Sr. Fariñas, explica que sempre escoita falar de descentralización no seno da universidade e no propio Consello de Goberno, tamén que el mesmo falaba dela, ata que un profesor de Dereito lle explicou a diferenza entre descentralización e desconcentración e o erro que supón o utilizar a terminoloxía xurídica de descentralización, dado que o termino xurídico correcto non e descentralización senón desconcentración porque para que fora descentralización os campus da universidade deberían ter unha personalidade xurídica distinta a da propia Universidade, polo que o termino correcto e o de desconcentrar e non descentralizar, que así o di nos propios estatutos da universidade no art. 8 onde di que; *“A Universidade de Vigo está estruturada en tres campus: Ourense, Pontevedra e Vigo. Para realizar as súas funcións nos diversos campus, a universidade organizarase dun xeito funcionalmente desconcentrado”*.

O Prof. Berrocal foi un rogo relativo á conveniencia de que os vicerreitores estean presentes na sesión de Consello de Goberno ata o seu remate e que se senten na mesa.

O Prof. Pereira expón que chegou ao seu departamento a comunicación do prazo dos profesores contratados e dos axudantes e tendo en conta que a próxima convocatoria para acreditación será en xuño, solicita que se faga un axuste cos prazos.

O Sr. Campos solicita que se estude por parte do equipo de goberno que se recoñezan créditos de libre elección aos alumnos representantes en órganos de representación da universidade.

O Sr. Fariñas manifesta o seu acordo con esta petición sempre que se esixa un mínimo de asistencia ás reunións ou actividades dos órganos de representación da universidade dos que forme parte o alumno.

O reitor resposta que se estudará o tema.

Roga tamén o Sr. Campos que se coloquen enchufes para os ordenadores na sala.

O vicerreitor de Planificación resposta a unha interpelación presentada pola Sra. Araújo no anterior Consello de Goberno en relación ao estado das pasarelas da Facultade de Económicas e sinala que a mesma está neste momento pechada, vaise renovar o teito e farase a reforma das ventás.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:45 horas do día 18 de decembro de 2007 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor

O reitor

A secretaria xeral

Alberto Gago Rodríguez

Esther M^a González Pillado